

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ECONOMÍA

CURSO 2023-2024

EPAPU “Sta. MARIA DE CARANZA”

O presente documento contén o desenvolvemento do currículo establecido de cada materia asignada ao Departamento didáctico de Economía segundo o Artigo 24 da RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Modificada pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre.

PRESENTACION: O centro e a súa contorna.....	5
COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E ATRIBUCIÓN DOCENTE	5
CONSTANCIA DE INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO	5
ECONOMÍA 1º BACHARELATO.....	7
a)Introdución e contextualización.....	7
b)Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	9
c)Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	11
d)Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	13
1.Temporalización.....	13
2.Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	13
3.Procedementos e instrumentos de avaliación.....	13
e)Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	28
f)Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar.....	29
g)Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	30
h)Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	34
Indicadores de logro do proceso de ensino.....	35
Indicadores de logro da práctica docente.....	35
i)Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	37
j)Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	38
k)Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	39
l)Medidas de atención á diversidade.....	40
m)Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda...41	41
n)Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....	43
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	44
ECONOMÍA DA EMPRESA (2º BACHARELATO).....	45
a)Introdución e contextualización.....	46
b)Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	48
c)Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	50

<u>d)Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación:....</u>	<u>52</u>
<u>e)Concrecións metodolóxicas que require a materia.....</u>	<u>80</u>
<u>f)Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....</u>	<u>83</u>
<u>g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....</u>	<u>84</u>
<u>h)Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....</u>	<u>90</u>
<u>i)Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.....</u>	<u>93</u>
<u>j)Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....</u>	<u>94</u>
<u>k)Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....</u>	<u>95</u>
<u>l)Medidas de atención á diversidade.....</u>	<u>96</u>
<u>m)Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda...</u>	<u>97</u>
<u>n)Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....</u>	<u>99</u>
<u>o)Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....</u>	<u>100</u>
<u>REFERENCIAS LEGAIS.-.....</u>	<u>101</u>

PRESENTACION: O centro e a súa contorna.

O centro EPAPU “Sta. MARIA DE CARANZA” atópase na rúa Luis de Requeséns, do barrio de Caranza na cidade de Ferrol.

O alumnado, adultos, provén tanto da cidade como da súa bisbarra. Pódese distinguir entre os adultos propiamente ditos (xente entre 25 e 50 anos) que no seu momento non cursaron estudos de secundaria e os falsos adultos (rapaces novos que ao rematar a vida académica en centros ordinarios sen acadar o obxectivo de titular reintégranse no sistema educativo para adultos).

Ao ser Ferrol e a súa bisbarra una zona industrial en declive na que as continuas reconversións, xunto coa crise económica actual desembocaron nunha alta taxa de desemprego, o alumnado busca obter as titulacións en secundaria obligatoria e en bacharelato que lles permita mellorar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E ATRIBUCIÓN DOCENTE

No curso 2022-23 as clases de Economía serán impartidas por D. Juan F. Rey Fernández , Profesor de Ensino Secundario da especialidade de Francés con destino definitivo neste centro, que completará o seu horario impartindo o as materias de:

- Economía (1º curso de Bacharelato)
- Economía da empresa. (2º curso de Bacharelato)

na modalidade semipresencial.

O profesor desempeñará o cargo de Xefe do Departamento de Francés.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO

Tal e como establece a Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no Artigo 9. 4.:

“Ao inicio do curso, o profesor ou profesora responsable de cada departamento, da coordinación de ciclo na educación infantil e o titor ou titora de curso elaborará a información básica relativa á programación didáctica, que dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade. Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións didácticas da súa área ou materia. Esa información básica incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o

caso, os estándares de aprendizaxe avaliábel e o seu grao mínimo de consecución para superar a materia”.

A información relativa á programación estará dispoñible na web do centro,

ECONOMÍA 1º BACHARELATO

a) Introducción e contextualización

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos.

O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e relación entre variables, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade.

Contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc.

Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais.

A materia de Economía de 1º de bacharelato basease principalmente na análise da economía como ciencia, no papel dos axentes económicos e no funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

Estrutúrase en sete bloques:

- no primeiro abórdase a o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos;
- nun segundo bloque ("A actividade produtiva") descríbese a produción como principal actividade económica;

- no terceiro ("O mercado e o sistema de prezos") repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos;
- o seguinte bloque ("A macroeconomía") céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo;
- no quinto ("Aspectos financeiros da economía") faise un repaso da vertente financeira da actividade económica;
- o sexto ("O contexto internacional da economía") aborda a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización;
- no bloque titulado "Desequilibrios económicos e o papel do Estado na económica", reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece como competencias clave do currículo:

- a. Comunicación lingüística (CCL)
- b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
- c. Competencia dixital. (CD)
- d. Aprender a aprender. (CAA)
- e. Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- g. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

A descrición das competencias está recollida no Anexo I da citada Orde.

Tal e como establece o Decreto 86/2015, “O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.”

Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación dos resultados derivados das investigacións. ▪ Lecturas e posteriores debates. ▪ Exposicións orais. ▪ Desenvolvemento das probas escritas.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolvemento de estratexias para a solución de exercicios prácticos. ▪ Deseño de funcións, representación gráfica e posterior interpretación.
Competencia dixital. (CD)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego da web como fonte de información. ▪ Emprego da folla de cálculo como instrumetno para a resolución de problemas. ▪ Emprego de software que facilite a presentación de impacto de datos derivados da investigación.
Aprender a aprender. (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Procurar a aprendizaxe autónoma.
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer o traballo en equipo. ▪ Defender posturas nos debates propostos respectando as opinións do resto dos participantes. ▪ Mellora da formación como cidadán: respecto polo medio ambiente, procura da eficiencia, crítica do fraude fiscal, laboral, ...
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Educación en capacidades emprendedoras. ▪ Fomento da iniciativa persoal e a motivación polo traballo por conta propia.
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer, comprender e valorar, as diferentes manifestación culturais e artísticas.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizadoportunidades.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- 1. Temporalización**
- 2. Grao mínimo de consecución para superar a materia**
- 3. Procedementos e instrumentos de avaliación**

O artigo 4 da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece:

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desagreganse en estándares de aprendizaxe avaliables. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao se pór en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas.

De seguido reflíctense por bloques de contido da materia: as competencias clave vinculadas cos obxectivos definidos para o bacharelato, os criterios de avaliación, desagregados en estándares de aprendizaxe, a temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación que serán empregados.

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica				
i l	B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	1º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
a h i l	B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.	B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	1º Trimestre
			ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.	1º Trimestre
			ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	1º Trimestre
i l	B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.	B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	1º Trimestre
			ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas	1º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			económicos concretos.	
Bloque 2. A actividade produtiva				
i l m p	B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.	B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	1º Trimestre
i l	B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.	B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	1º Trimestre
			ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	1º Trimestre
a h i l m	B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción.	B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	1º Trimestre
a h i m	B2.4. Empresa: obxectivos e funcións.	B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	1º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	1º Trimestre
i l m	B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.	B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	1º Trimestre
i l m	B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.	B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	1º Trimestre 1º Trimestre
i l m	B2.8. Función de produción.	B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	1º Trimestre
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos				
i l m	B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da	B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e	ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das	1º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<p>demanda.</p> <p>B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.</p> <p>B3.3. Equilibrio do mercado.</p>	servizos en función de distintas variables.	<p>variacións das variables no funcionamento dos mercados.</p>	
			ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.	1º Trimestre
			ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	1º Trimestre
a h i l m	<p>B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia.</p> <p>B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.</p>	B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	2º Trimestre
			ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.	2º Trimestre
			ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	2º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
Bloque 4. A macroeconomía				
g h i l	B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto. B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas. B4.3. Inflación e tipos de xuro. B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.	B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	2º Trimestre
			ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	2º Trimestre
			ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	2º Trimestre
g i l	B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.	B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.	2º Trimestre
			ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos	2º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.	
			ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analizaas e interpretaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	2º Trimestre
a h i l m	B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.	ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	2º Trimestre
			ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.	2º Trimestre
			ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	2º Trimestre
a g h i l p	B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.	ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a	2º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			inflación.	
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía				
i l	B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. B5.2. Proceso de creación do diñeiro.	B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.	ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	3º Trimestre
a d h i l	B5.3. Teorías explicativas da inflación.	B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.	ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	3º Trimestre
i l	B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	3º Trimestre
a d h i l	B5.5. Política monetaria: instrumentos.	B5.4. Analizar os tipos de política monetaria.	ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	3º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
i l a h i l	B5.6. Banco Central Europeo. B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.	B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.	ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento.	3º Trimestre
			ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.	3º Trimestre
Bloque 6. O contexto internacional da economía				
g i l	B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.	B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.	ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	3º Trimestre
a i l	B6.3. Cooperación e integración económica. B6.4. Unión Europea (UE).	B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.	ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	3º Trimestre
a b h i l p	B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación.	B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.	ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.	3º Trimestre
			ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización	3º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía				
a b c i l	B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento. B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución.	B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial.	ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.	3º Trimestre
			ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.	3º Trimestre
			ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.	3º Trimestre
			ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	3º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento o sustentable.	3º Trimestre
			ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	3º Trimestre
			ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	3º Trimestre
			ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.	3º Trimestre
a c	B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos. B7.6. O Estado na economía:	B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas	ECB7.2.1. Distingue e explica as	2º Trimestre

Programación didáctica do Departamento Economía

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
i l	<p>funcións.</p> <p>B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.</p> <p>B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades.</p>	<p>de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica.</p>	<p>funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.</p>	
			<p>ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.</p>	<p>2º Trimestre</p>
			<p>ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</p>	<p>2º Trimestre</p>

*Distribución das **Unidades Didácticas** atendendo a bloques de contido:*

Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica

B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.

B1.2. Mecanismos de asignación de recursos.

B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.

B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.

B1.5. Principios na toma de decisións económicas.

B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa.

B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.

Bloque 2. A actividade produtiva

B2.1. Proceso produtivo e factores de produción

B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.

B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción

B2.4. Empresa: obxectivos e funcións.

B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade.

B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.

B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.

B2.8. Función de produción.

Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos

B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.

B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.

B3.3. Equilibrio do mercado.

B3.4. Estruturas de mercado e modelos de competencia.

B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.

Bloque 4. A macroeconomía

B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.

B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.

B4.3. Inflación e tipos de xuro.

B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.

B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.

B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.

B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.

Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía

B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.

B5.2. Proceso de creación do diñeiro.

B5.3. Teorías explicativas da inflación.

B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.

B5.5. Política monetaria: instrumentos.

B5.6. Banco Central Europeo.

B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.

Bloque 6. O contexto internacional da economía

B6.1. Comercio internacional: causas e teorías.

B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.

B6.3. Cooperación e integración económica.

B6.4. Unión Europea (UE).

B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias.

B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación.

Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía

B7.1. Ciclos económicos: crises na economía.

B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.

B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso.

B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución.

B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos.

B7.6. O Estado na economía: funcións.

B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.

B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

A metodoloxía é o conxunto de estratexias, actividades, actitudes, criterios e decisións que toma o docente coa finalidade de organizar e planificar a acción docente. Debe responder ás características do alumnado e ás posibilidades formativas que ofrece o seu contorno.

Para conseguir estes obxectivos, esta programación baséase nos principios da teoría construtivista da aprendizaxe ou teoría da aprendizaxe significativa. Segundo esta teoría, o alumno posúe uns coñecementos previos sobre a temática a tratar que van influír na adquisición dos novos, así como estes últimos tamén cambian a concepción que ten dos previos. Deste xeito, o alumno debe incorporar os novos coñecementos ás súas estruturas mentais, establecendo relacións entre os novos conceptos e os previos.

A finalidade desta aprendizaxe non é unicamente que o alumno adquira os coñecementos obxecto desta materia, senón tamén que logre autonomía na construción do seu propio coñecemento. O estudante debe entón “aprender a aprender” e o docente ten que conseguir transmitirle as habilidades precisas para esta aprendizaxe. Debe ademais ser consciente de que o coñecemento adquirido nesta materia non é completo, e máis se cabe tratándose dun campo coma a Economía no que no presente curso van estudar unha introdución a unha materia nova para eles, que ademais vai evolucionando co paso do tempo.

De acordo co anterior establécense os seguintes principios metodolóxicos:

- . Metodoloxía activa e participativa.
- . Exposición de contidos seguida da súa aplicación práctica.
- . Análise de novas da prensa relacionadas coa materia.
- . Fomento do traballo en grupo que complete o desenvolvemento individual do alumno. Débese transmitir aos alumnos a sensación de que só conseguirán rematar un proxecto/traballo con éxito coa colaboración de todos os membros do grupo, empregando para isto técnicas de aprendizaxe colaborativa.
- . Desenvolvemento de actividades de autoaprendizaxe (potenciando o “aprender a aprender”), nas que o alumno teña que procurar información para poñela en práctica posteriormente.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

Utilizarase o proxector e ordenador, encerado e xiz da aula, e de vez en cando a aula de informática (utilizaranse varios programas principalmente unha folla de calculo, un procesador de textos e un programa de presentacións). A Información, traballos,..., transmitiranse profesor- alumnos e alumnos-alumnos a través de correo electrónico ou en soporte papel ocasionalmente.

O libro de texto recomendado é o seguinte:

Farinós Alandete, E. (2008). Economía. Barcelona: Editorial Edebé.
ISBN: 978-84-236-9075-6

Tamén se obterá información da CNMV, BE, Seguridade Social, INE, blogs, xornais, páxinas web de bancos,...

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Tal e como establece o Decreto 86/2015, “A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.”

Levaranse a cabo tres sesións de avaliación parciais

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e actividades programadas para a materia

A falta a clase de modo reiterado (xustificada ou inxustificadamente) pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de chegar a este extremo, o profesor esixirá ao alumno a presentación, para a corrección, de todas as actividades levadas a cabo na clase ao longo do curso, e unha proba final en xuño co mesmo formato que as levadas ao longo do curso. Dita proba versaría sobre a totalidade da materia exposta na clase avaliados conforme se reflicte neste documento.

I. NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL

A nota de cada avaliación será numérica de cero a dez sen decimais e calcularase en función de:

- A. **Probas escritas (con cuestión teóricas e prácticas)**, que versarán sobre os contidos recollidos nesta programación e expostos na clase. Permitirán avaliala aprendizaxe dos alumnos de acordo cos obxectivos propios da materia.

Estrutura das probas:

PARTE TEÓRICA (avaliada por bloques temáticos)	- cuestións curtas de tipo conceptual (poderán ser tipo test)	- Valoración: 10 puntos o bloque
	- pregunta a desenvolver de tipo explicativo	- Valoración: 10 puntos o bloque
PARTE PRÁCTICA (avaliada continuamente)	- cuestións prácticas (problemas)	- Valoración: 10 puntos o bloque

O desenvolvemento da programación levarase a cabo tal e como se indicou na TEMPORALIZACIÓN anteriormente exposta.

Criterios de cualificación:

- Preguntas curtas: valorarase a precisión. Cando sexa necesario razoar a resposta e non se faga, a valoración será nula
- Pregunta longa: ademais de considerar a medida en que se axusta o contido ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo a: claridade expositiva, utilización dos conceptos axeitados, a ortografía (as faltas poderán restar puntuación).
- Preguntas prácticas (exercicios/problemas): que constarán de distintos apartados que non teñen porque ter a mesma valoración (esta figurará no exame). Así:
 - Na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección do plantexamento; deste xeito, será preciso ilustrar axeitadamente e con rigor o desenvolvemento do problema, explicando, en todo caso, o significado do resultado acadado. Se a solución está ben plantexada, pero a cifra obtida non é a correcta, restaranse puntos no apartado que corresponda. A mesma puntuación será descontada si non se indican as unidades nas que se deber expresar o resultado
 - O simple cálculo, sen interpretación, non computará
 - Ademais, cada un dos apartados valorarase de xeito independente; así, no caso de estar ben exposto, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente polos cálculos errados realizados nos apartados anteriores.

Superación das probas:

A puntuación de cada proba será a que resulte de sumar tanto a acadada na parte teórica como na práctica.

Resultados das probas levadas a cabo en cada trimestre:

No caso de realizarse varias, calcularase como media aritmética das probas realizados en cada avaliación. Non se compensarán notas inferiores a 3 (co fin de evitar o abandono parcial da materia)

Para superar a avaliación será preciso alcanzar un 5 nas probas realizadas. Así, non poderán superar a avaliación aqueles alumnos que alcanzaran como mínimo un 5 en ambas probas pero non reúnan o requisito de obter en cada unha das partes de que constan unha nota mínima de 2,5.

No caso de superar unha das probas e noutra obter unha nota entre 3 e 5, acadando a media de 5 entre todas as probas, a avaliación entenderase superada

B. **Probas prácticas “periódicas”**: conforme se avanza na explicación da práctica, poderán celebrarse, en calquera momento, probas deste tipo que traten de valorar o nivel de coñecemento da materia, e sirvan como instrumento de retroalimentación ao profesor co fin de mellorar a aprendizaxe do alumnado.

C. Probas orais e traballos de investigación.

	Rúbrica de valoración		
	Excelente (4)	Bo(3)	Regular(2)
<i>Documentación</i>			
<i>Contido</i>			
<i>Secuenciación</i>			
<i>Ferramentas empregadas na exposición</i>			
<i>Terminoloxía empregada</i>			
<i>Creatividade</i>			
<i>Seguridade na exposición</i>			
<i>Capacidade de transmisión</i>			
<i>Resposta ás preguntas</i>			
<i>Grao de aceptación das valoracións alleas (suxestións, críticas)</i>			
Valoración total	(Σ...../40)*10		

Tipo de proba	Ponderación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas, teóricas e prácticas (semellantes á avaliación final Bacharelato) 	Mínimo 90%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballos de investigación. 	Máximo 10%

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, poderá levarse a cabo o redondeo en función doutros factores como:

- Asistencia puntual á clase.
- Actitude na clase e cara á materia.
- Colaboración co grupo.
- Axeitado manexo da terminoloxía económica; así como, ortografía e sintaxe, xunto cunha coidada presentación.
- Puntualidade na entrega e valoración das actividades propostas ao remate de cada unidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Puntuación obtida nas cuestións orais e exercicios prácticos, formuladas na clase periodicamente polo profesor.
- Valoración do esforzo.

Entenderase superada a avaliación cando o alumno obteña unha nota igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Levarase a cabo unha recuperación por trimestre coa mesma estrutura que a proba escrita. Se a avaliación da proba é positiva, o alumno terá recuperada a materia dese trimestre.

II. PROBA FINAL E AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA.

- **Alumnos que superaran a totalidade das avaliacións parciais:** A nota media das 3 avaliacións será a nota final do curso.
- **Alumnos que non superaran unha ou dúas avaliacións parciais:** terán que presentarse á proba final, que terá unha estrutura similar as probas parciais.

No caso de superar a avaliación/s suspensa/s na proba final (no caso contrario a materia entenderase non superada), a nota final será calculada como a nota media do curso (calcularase coas notas das avaliacións superadas máis a acadada para a/s avaliación/s suspensa/s na proba final).

No redondeo aplicaranse os criterios xa mencionados. **Entenderase superada a materia cando a nota final sexa igual ou superior a 5**

- **Alumnos que teñen suspensa a totalidade da materia:** presentaranse a unha proba final, (semellante a contemplada para aqueles que superaron as avaliacións) con cuestión curtas e de desenvolvemento e problemas prácticos correspondentes a cada unha das avaliacións (as notas inferiores a 3 nunha das avaliacións non compensan). A valoración da proba figurará expresamente na proba. **O resultado desta proba será a nota final (a materia entenderase superada si a nota desta proba é igual ou superior a 5).** No redondeo aplicaranse os criterios xa mencionados
- Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes: conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

III. PROBA EXTRAORDINARIA

Aqueles alumnos que non superen a proba final, terán unha nova opción na convocatoria extraordinaria (examinándose da totalidade da materia, conforme aos criterios xa indicados). A estrutura da proba será a mesma que na proba final de xunio.

Neste caso a nota da avaliación será, exclusivamente, a nota da proba escrita.

a.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tal e como establece a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, **os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro**, tales como rúbricas ou escalas de avaliación.

A rúbrica é unha ferramenta que permite obxetivizar a avaliación dun proceso. Proporciona referencias para valorar todos os aspectos do proceso educativo, ofrece información para a toma de decisións e amosa a relación entre os elementos do currículo: relaciona os elementos da programación de aula cos niveis de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

As rúbricas son matrices nas que se detallan, para cada estándar de aprendizaxe o indicador de logro, grao de adquisición do citado logro (escala cualitativa de catro niveis, dende o logro en vías de adquisición ata excelente) e a valoración que permite cuantificar o avance do alumnado e calcular a súa cualificación.

Tal e como establece o Decreto 86/2015, nos artigos 21 (ESO) e 33 (Bacharelato):

“O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.”

Tales indicadores consisten nunha serie de ítems que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente utilizaranse os seguintes indicadores.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala		
	1	2	3
1. O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado.			
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.			
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.			
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
8. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
9. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala		
	1	2	3
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
5. Combínase o traballo individual e en equipo.			
6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
7. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
8. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
9. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
10. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección dos traballos.			
11. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os			

seus acertos e erros.			
12. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.			
13. As medidas de reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.			
14. Avalíase a eficacia dos programas de reforzo, recuperación, ampliación...			

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os exames de recuperación dos alumnos pendentes serán elaborados polos membros do Departamento e corregidos polo Xefe de Departamento, nas datas previstas por Xefatura de Estudos.

- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato**

Non procede.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Data prevista de realización: durante o mes de outubro.

Durante o desenvolvemento das clases pratearanse preguntas ó alumnado para investigar sobre os seus coñecementos previos. Hai que ter en conta que nunca tiveron antes materias con contidos relacionados coa economía, aínda que si precisan coñecementos mínimos de matemáticas, comprensión lectora,...

En función dos resultados da proba pódese decidir establecer algún cambio metodolóxico .

I) Medidas de atención á diversidade

O Decreto 86/2015, contempla

no artigo 33:

“Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condición de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións no se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.”

Tal e como se reflicte ao longo desta programación a planificación do proceso de ensino faise de xeito construtivo e progresivo, adaptándose ás características e capacidades do alumnado:

- Atención personalizada.
- Deseño de actividades á carta.
- Potenciar o traballo en equipo que facilite as sinerxias.
- Subministración de material de profundización e apoio.
- Ampliación do tempo para a aplicación dos diferentes instrumentos e procedementos de avaliación ,...

Non se ten noticia de que haxa algún alumno con necesidades especiais (falta de mobilidade, dificultade para escribir ou ver,...). Se houbo algún, o departamento tomará as medidas oportunas para cada caso (por exemplo: sentar diante a alumnos con dificultade para ver ou oír, ...), que se farán constar nas actas das reunións do departamento.

Esta materia non se estuda durante a ensinanza obrigatoria, polo que se considera que non se deben facer adaptacións curriculares para aqueles alumnos que non superen os criterios de avaliación especificados na programación.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O artigo 4 do Decreto 86/2015, establece como elementos transversais:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A educación cívica e constitucional.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.
- Valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promover a aprendizaxe e resolución pacífica de conflitos.
- Promover valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Promover accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

O departamento traballará como elementos transversais propios:

- Educar para o consumo responsable: análise dos efectos do consumo “irracional” no resto do planeta.
- No marco dunha educación moral e cívica:
 - recoñecemento da función social que desempeñan as empresas, valorando a importancia do seu comportamento ético,
 - preocupación polos aspectos inxustos da realidade económica,
 - valoración crítica do fraude,
 - valoración dos efectos da globalización nos países pobres, co obxecto de facer medrar una conciencia solidaria cos perxudicados e valorar as experiencias de comercio xusto,
- Concienciación e actitude crítica ante o fraude fiscal, á vez que se transmiten valores de equidade e solidariedade implícitos no Estado do benestar.
- Rexeitamento da manipulación das contas empresariais co fin de enganar ós destinatarios
- Educación ambiental, como preocupación polo entorno natural no que se leva a cabo a actividade económica, no marco da procura dun desenvolvemento sostible
- Preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores:

- condicións de traballo seguras e saudables no marco dunha educación para a saúde,
- erradicación da discriminación das mulleres traballadoras no marco dunha educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.
- a xestión dos recursos humanos non debe buscar exclusivamente a rendibilidade económica da empresa, senón tamén o enriquecemento dos postos de traballo para que o empregado se vexa motivado e atope sentido o seu labor

CL: Comprensión lectora. Traballarase con ela todo o curso, dende a comprensión do apuntes, de novas da prensa,.... que se irán analizando en clase, facendo esquemas, táboas comparativas....

EOE: Expresión oral e escrita. É imprescindible para a realización dos traballos, redacción dos exercicios e probas escrita, interpretación de gráficos,...

CA:Comunicación audiovisual: os apuntamentos, traballos, etc, compartiranse habitualmente por medio de "Drive" de Google.

EMP: Emprendemento. Non se traballa especificamente neste curso o emprendemento empresarial, mais alá de entendela como un factor produtivo, e de valorar o importantísimo que é para o desenvolvemento económico dunha zona. Incitaranse outro tipo de iniciativas emprendedoras por parte do alumnado na clase, como participación activa, curiosidade por saber máis,...

EC: Educación cívica. Está implícita en temas como os fallos do mercado, o papel do Estado na economía e economía sostible, onde se trata de formar condutas responsables e cívicas sobre o mundo do traballo, o consumismo, a reciclaxe,..

PV: Prevención da violencia. Non se trata directamente na materia, aínda que si a importancia da incorporación da muller ó mercado de traballo, a non discriminación salarial por razón de sexo, raza, ..., e o conseguinte respecto polos outros.

EV: Educación e seguridade viaria. Farase fincapé na importancia do gasto en obras públicas do Estado, como base para mellorar a seguridade viaria.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

Non se establecen actividades complementarias de carácter obrigatorio que vaian máis alá da elaboración e presentación de traballos e da realización de tarefas de repaso e afianzamento de coñecementos na casa , pero facilitaráselle ó alumnado que o desexe a súa participación en actividades organizadas para escolares por organismos como o BE, ... (concursos de Bolsa,...), e valoraranse como unha actitude moi positiva no redondeo á alza da súa cualificación. Para axudarlles na participación destas actividades os profesores estarán á súa disposición na hora de titoría de alumnos/as, nos cambios de clase,...

Se durante o curso xurdise a oportunidade, estudaríase a posibilidade dalgunha visita educativa de interese que contribúa ó logro dos obxectivos.

Debido ao tipo de ensino, para adultos e a distancia, as actividades complementarias e extraescolares do Departamento axustaranse ás distintas realidades e circunstancias que se den ao longo do curso, e serán debidamente presentadas ao Consello Escolar para a súa aprobación previa.

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tan importante como a avaliación do alumnado e avaliar a propia programación co fin de reflexionar e mellorar os resultados cara a vindeiros cursos.

Os indicadores a avaliar serán:

- Comprobación do grao de adquisición das competencias.
- Pertinencia das actividades propostas e secuencia de realización.
- Valoración das estratexias diversificadas que respondan aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Adecuación dos recursos empregados.
- Adecuación dos instrumentos de avaliación.
- Clima na aula.

Instrumentos para realizar a avaliación:

- Diario do profesor. Análise de resultados académicos.
- Contraste con outros departamentos dentro do mesmo centro e con outros compañeiros do mesmo departamento doutros centros.
 - Reflexión mensual sobre o seguemento da programación e propostas de mellora no caso de ser preciso.
 - Indicadores de logro do para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os resultados deste proceso de avaliación serán reflectidos na memoria de final de curso na que se fai constar:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación.
- Motivo/s das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación con cursos anteriores.
- Propostas para a revisión da programación.
- Actividades complementarias desenvolvidas
- Análise estatística resultados avaliación ordinaria e análise comparativa cursos anteriores. Para cada materia, curso e grupo figuran os seguintes datos:
 - Unidades programadas/Unidades impartidas.
 - Resumo de cualificacións.
 - Alumnado que cursa a materia en relación co grupo total.
 - Porcentaxe de aprobados e suspensos.
 - Reclamacións efectuadas.
 - Estado da resolución das reclamacións.

	Escala		
	1	2	3
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.			
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.			
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.			
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.			
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.			
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.			
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.			
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.			
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.			
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.			
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.			
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
13. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.			
14. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.			
15. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha avaliación.			
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final			
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.			
18. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.			
19. Adecuación dos traballos, tendo en conta o valor de cada estándar.			
20. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.			
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.			
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.			
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.			
25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.			
26. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.			

ECONOMÍA DA EMPRESA (2º BACHARELATO)

a) Introducción e contextualización

Tal e como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de

innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

O Decreto 86/2015 constitúe a base da programación do curso que se reparte en bloques de contido homoxéneo:

- I. A empresa.*
- II. Desenvolvemento da empresa.*
- III. Organización e dirección da empresa.*
- IV. A función produtiva.*
- V. A función comercial da empresa.*
- VI. A información na empresa.*
- VII. A función financeira*

Medidas de recuperación dos contidos non impartidos no curso 19-20 debido á suspensión das clases presenciais por causa da pandemia.

Con motivo da suspensión das clases presenciais o 13 de marzo de 2020, certos contidos correspondentes á última avaliación, non poideron impartirse dunha maneira axeitada, aínda que foron transmitidos vía telemática.

Ao longo deste curso retomaránse ditos contidos, especialmente no primeiro trimestre, sen menoscabo de que poidan ser atendidos noutro momento do curso segundo vaian xurdindo no contexto do proceso de ensino-aprendizaxe.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Orde

ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece como competencias clave do currículo:

- h. Comunicación lingüística (CCL)
- i. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
- j. Competencia dixital. (CD)
- k. Aprender a aprender. (CAA)
- l. Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- m. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- n. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

A descrición das competencias está recollida no Anexo I da citada Orde.

Tal e como establece o Decreto 86/2015, “O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.”

Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación dos resultados derivados das investigacións. ▪ Lecturas e posteriores debates. ▪ Exposicións orais. ▪ Desenvolvemento das probas escritas.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolvemento de estratexias para a solución de exercicios prácticos. ▪ Deseño de funcións, representación gráfica e posterior interpretación.
Competencia dixital. (CD)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego da web como fonte de información. ▪ Emprego da folla de cálculo como instrumento para a resolución de problemas. ▪ Emprego de software que facilite a presentación de impacto de datos derivados da investigación.
Aprender a aprender. (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Procurar a aprendizaxe autónoma.
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer o traballo en equipo. ▪ Defender posturas nos debates propostos respectando as opinións do resto dos participantes. ▪ Mellora da formación como cidadán: respecto polo medio ambiente, procura da eficiencia, crítica do fraude fiscal, laboral, ...
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Educación en capacidades emprendedoras. ▪ Fomento da iniciativa persoal e a motivación polo traballo por conta propia.
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer, comprender e valorar, as diferentes manifestacións culturais e artísticas.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

O bacharelato contribuirá a

desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- j. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- k. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- l. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- m. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- n. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- o. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- p. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- q. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- r. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- p. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- q. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- r. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- s. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

t. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuírá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación:

O artigo 4 da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece:

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desagreganse en estándares de aprendizaxe avaliables. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao se pór en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas.

De seguido reflíctense por bloques de contido da materia: as competencias clave vinculadas cos obxectivos definidos para o bacharelato, os criterios de avaliación, desagregados en estándares de aprendizaxe, a temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación que serán empregados.

Temporalización:

1ª Avaliación

Unidade 1. Introducción á empresa

Unidade 2. Clases de empresa

Unidade 3. Organización da empresa

Unidade 4. Xestión de recursos humanos

2ª Avaliación:

- Unidade 5. A función produtiva**
- Unidade 6. A función comercial**
- Unidade 7. Obrigas contables da empresa**
- Unidade 8. Análise a información contable**

3ª Avaliación:

- Unidade 9. A decisión de inversión**
- Unidade 10. Fontes de financiamento da empresa**
- Unidade 11. Planificación estratéxica e control**
- Unidade 12. O proxecto empresarial**

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
Bloque 1. A empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ● a ● d ● j ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B1.1. A empresa e o/a empresario/a. ● B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ● B1.3. Clases de empresas. ● B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Exprésase as principais diferenzas entre as formas xurídicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego das TIC na exposición oral. ● Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB1.1.2. Identifica e 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 		

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			<p>valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</p>		<p>xurídica máis apropiada dadas as características da empresa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Clasifícas as empresas segundo os diferentes criterios. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita. ● Debate na clase.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			seu carácter público ou privado. ● EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	● 1ª avaliación	● Identifica os elementos da empresa e funcións que desenvolven.	● Proba escrita. ● Debate na clase.
● a ● d ● h ● i ● l ● m ● p	● B1.5. Contorno da empresa. ● B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. ● B1.7. Funcionamento e creación de valor.	● B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.	● EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. ● EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e	● 1ª avaliación. ● 1ª avaliación.	● Identifica os tipos de empresaio. ● Valora a responsabilidade social da empresa	● Proba escrita. ● Debate na clase.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Recoñece o papel da empresa na sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Debate na clase. ● Proba escrita.
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ● d ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B2.1. Localización e dimensión empresarial. ● B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo. ● B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os factores a ter en consideración na localización empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita. ● Debate na clase.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
	<ul style="list-style-type: none"> ● B2.4. Importancia das PMEna economía. ● B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. ● B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. 		empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica as economías de escala no crecemento empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita. ● Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Define as estratexias de crecemento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita. ● Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica estratexias de crecemento interno e externo. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita. ● Observación do contorno.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			de supostos concretos.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Valora o papel das PEMES no tecido empresarial galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación contorno. ● Traballo de investigación. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica as empresas multinacionais e as súas estratexias de crecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballo de investigación. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB2.1.7. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Valora o 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relación coa capacidade para competir de xeito global.		impacto das TIC no tecido empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> Traballo de investigación.
Bloque 3. Organización e dirección da empresa						
<ul style="list-style-type: none"> d i l m p 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. B3.2. Funcións básicas da dirección. B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas. B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. 	<ul style="list-style-type: none"> EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as consecuencias da división técnica do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferenza organización formal e informal. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Traballo de investigación.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			<p>dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.</p>			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica as áreas de actividade da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba escrita. ● Observación do contorno. ● Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB3.1.4. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			<p>Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica</p> <ul style="list-style-type: none"> • vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. 		<p>problemas na organización das empresas do contorno.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego das TIC na exposición oral.
			<ul style="list-style-type: none"> • EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. 	<ul style="list-style-type: none"> • 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • E quen de propor melloras na organización da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación do contorno. • Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> • EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza 	<ul style="list-style-type: none"> • 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica o papel da área de recursos humanos na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación do contorno. • Debate na clase.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.			
Bloque 4. A función produtiva						
<ul style="list-style-type: none"> ● a ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B4.1. Produción e proceso produtivo. ● B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia ● B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Calcula e interpreta a produtividade dun factor e global. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba práctica. ● Emprego das ferramentas TIC.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Relaciona o concepto de produtividade e salarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba práctica. ● Emprego das ferramentas TIC.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			traballadores/as.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Recoñece a importancia da investigación e innovación tecnolóxica na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Proba escrita. ● Debate na clase.
<ul style="list-style-type: none"> ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. ● B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Realiza cálculos para a obtención do resultado da actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba práctica. ● Emprego das ferramentas TIC.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			interpreta os resultados.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica e representa os custos, ingresos e resultado da empresa 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego das ferramentas TIC. ● Proba práctica.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Calcula, interpreta e representa o limiar de rendibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego das ferramentas TIC. ● Proba práctica.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprende a importancia dos custos empresariais na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego das ferramentas TIC. ● Proba práctica.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os custos de almacén e calcula o volume óptimo de pedido que minimiza os custos (Modelo Wilson) 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba práctica. ● Emprego das ferramentas TIC.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ● Calcula o valor final dos inventarios empegando os métodos FIFO e PMP. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba práctica. ● Emprego das ferramentas TIC.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica a importancia da xestión de almacén nos resultados da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proba práctica. ● Emprego das ferramentas TIC.
Bloque 5. A función comercial da empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ● d 	<ul style="list-style-type: none"> ● B5.1. Departamento comercial da 	<ul style="list-style-type: none"> ● B5.1. Analizar as características do 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.1. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ● h ● i ● l ● m 	<p>empresa</p> <ul style="list-style-type: none"> ● B5.2. Concepto e clases de mercado. ● B5.3. Técnicas de investigación de mercados. ● B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. ● B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. ● B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. ● B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. 	<p>mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.</p>	<p>Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.</p>		<p>tipos de mercado na realidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballo de investigación. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica estratexias de márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Proba escrita. ● Traballo de investigación.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Reflexiona sobre o papel do márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Traballo en equipo. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.4. Comprende e explica as 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica as fases do estudo de 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			fases e as etapas da investigación de mercados.		mercado.	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego das ferramentas TIC. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica e aplica criterios de segmentación de mercados. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Analiza o efecto das TIC no márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica as funcións do departamento comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Proba escrita.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			do departamento comercial da empresa.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Valora o papel do márketing no proceso de compra do consumidor. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Probas escritas.
Bloque 6. A información na empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ● d ● g ● h ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B6.1. Obrigas contables da empresa. ● B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. ● B6.3. Resultados da empresa. ● B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. ● B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. ● B6.6. Análise e interpretación da información contable. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. ● EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os elementos patrimoniais. ● Identifica as masas patrimoniais do Balance. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego de ferramentas TIC. ● Probas prácticas. ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas prácticas.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			masas patrimoniais.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica investimentos e financiamento e a súa relación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas prácticas.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Analiza, a través de análise de balances, a situación da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas prácticas.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica solucións a problemas financeiros das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas prácticas.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			financeiros.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Valora a importancia das matemáticas como ferramenta indispensable para as ciencias sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas prácticas. ● Emprego ferramentas TIC.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica equilibrio patrimonial, económico e financeiro da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas prácticas. ● Emprego ferramentas TIC. ● Observación contorno.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Valora a importancia da información que deriva dos estados 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas abertas.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
					financeiros.	
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os ingresos e gastos que determinan o resultado empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas escritas.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● É quen de elaborar a conta de resultados conforme ao modelo oficial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego de ferramentas TIC. ● Probas prácticas.
<ul style="list-style-type: none"> ● a ● c ● d ● h ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os impostos que gravan a actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC. ● Probas teóricas. ● Debate na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.2.2. Describe o 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.		básicos dos impostos.	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas teóricas e prácticas.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Valorar a contribución ao sistema fiscal como elemento vertebrador do Estado do Benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego ferramentas TIC. ● Observación do contorno. ● Probas teóricas. ● Debate na clase.
Bloque 7. A función financeira						
<ul style="list-style-type: none"> ● d ● g ● i ● l ● m 	<ul style="list-style-type: none"> ● B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. ● B7.2. Concepto e clases de investimento. ● B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. ● B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas 	<ul style="list-style-type: none"> ● B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os principais métodos de selección de investimentos 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas escritas. ● Probas prácticas. ● Observación do contorno.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
	de financiamento. ● B7.5. Ciclos da empresa. ● B7.6. Período medio de maduración.		seleccionar e valorar investimentos.			
			● EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	● 2ª avaliación.	● Aplica a proxectos sinxelos os métodos de selección de investimentos e interpreta os resultados acadados.	● Probas prácticas. ● Emprego ferramentas TIC.
			● EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións	● 2ª avaliación.	● Identifica e clasifica as posibilidades de financiamento das empresas.	● Probas teóricas. ● Observación do contorno. ● Emprego de ferramentas TIC.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			na marcha da empresa.			
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● É quen de identificar a mellor opción de financiamento externo en supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Probas teóricas e prácticas. ● Emprego de ferramentas TIC. ● Posta en común.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Entende o papel dos mercados financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do contorno. ● Emprego de ferramentas TIC. ● Posta en común.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas escritas. ● Emprego ferramentas TIC. ● Observación do contorno.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
					financiamento	<ul style="list-style-type: none"> ● Debate.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica a opción financeira máis importante nun suposto concreto. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas escritas. ● Posta en común.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprega ferramentas TIC para a obtención de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprego de ferramentas TIC. ● Probas prácticas.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Identifica os tempos que integran o ciclo de explotación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas escritas. ● Observación do contorno.
			<ul style="list-style-type: none"> ● EEB7.1.10. Calcula, para un determinado 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Calcula e interpreta o PMM 	<ul style="list-style-type: none"> ● Probas prácticas.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedemento e instrumentos avaliación
			suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.		económico e financeiro.	

*Distribución das **Unidades Didácticas** atendendo a bloques de contido:*

Os contidos da materia estruturanse en seis bloques:

O primeiro bloque trata da **empresa** en si mesma, incidindo nas suas posibles definicións e na clasificación dos diferentes tipos de empresas.

Unidade 1. Introducción á empresa
Unidade 2. Clases de empresa

O bloque segundo centrase no estudo da organización e na xestión dos **recursos humanos**.

Este bloque dedícase a empresa entendida como organización. De aí que moitos dos seus contidos sexan aplicables a calquera estrutura organizativa mais alá da súa finalidade, empresarial ou non. Abordanse aspectos relativos a dirección, planificación e toma de decisións, incluíndo a xestión do factor humano.

Unidade 3. Organización da empresa
Unidade 4. Xestión de recursos humanos

No bloque terceiro estudase o tema da **producción e da súa rendibilidade**, valorando os seus efectos sobre o contorno.

Unidade 5. A función produtiva
Unidade 6. A función comercial

Os contidos do bloque cuarto refírense a xestión da información que a empresa xera, tanto no sentido comercial coma no estritamente empresarial, derivado das súas **obrigas contables e fiscais**. Así, por unha banda, os contidos centranse nas obrigas contables da empresa e, por outra, na análise pormenorizada desa información contable a que están obrigadas.

Unidade 7. Obrigas contables da empresa
Unidade 8. Análise a información contable

O bloque quinto centrase na **función financeira** da empresa e na decisión de investimento, para de seguido analizar cales son as fontes de investimento das que unha empresa dispoñe.

Unidade 9. A decisión de inversión
Unidade 10. Fontes de financiamento da empresa

Por último no bloque sexto introducíuse a **xestión dos proxectos na empresa**. O proxecto empresarial pretende especialmente globalizar os contidos da materia e afianzar a iniciativa emprendedora.

Unidade 11. Planificación estratéxica e control
Unidade 12. O proxecto empresarial

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Todo proceso de ensino-aprendizaxe ten que dispor dos seguintes elementos:

- Planificación tendo en conta os obxectivos a alcanzar,
- Recursos precisos,
- Métodos didácticos máis axeitados,
- Métodos de avaliación,
- Mecanismos de control do proceso.

Segundo as *Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula*, reflectidas no Anexo II da Orde ECD/65/2015, a metodoloxía empregada ao longo do curso:

- Diseñárase en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino: natureza da materia, condicións socioculturais, dispoñibilidade de recursos, características do alumnado,...
- Terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo,
- Axustárase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar cara outras máis complexas,
- Traballará a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, facilitando a interacción nas clases,
- Procurará a curiosidade e a necesidade de adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e valores co fin de formarse como cidadán,
- Facilitará a aplicación de coñecementos a situación reais, co fin de fixar conceptos, procedementos e valores,
- Facilitará a reflexión, a crítica e o debate,
- Potenciará o uso das TIC facilitando o acceso a recursos virtuais,
- Facilitará a coordinación con outros docentes.

Por todo o exposto anteriormente, a **metodoloxía proposta**, é de ensinanza activa, na que a participación do alumno será un elemento esencial. Para tratar de alcanzar este obxectivo, prestarase atención especial á consecución da súa motivación.

O enfoque metodolóxico empregado estará fundamentado na experiencia e investigación, recoñecendo no libro de texto unha función auxiliar e non finalista:

- ☹☹ observación e análise da realidade cando a secuencia de exercicios propostos sexa eminentemente repetitiva e rutinaria,
- ☹☹☹☹☹ ampliación de aspectos curriculares escasamente tratados (fundamentalmente críticos),
- ☹☹☹ deseño de unidades didácticas para ampliar ou substituír temas que o profesor considere incompletos,...

converténdose nunha proposta flexible e adaptada á realidade da aula

Ao remate de cada unidade o profesor entregará: listado de actividades prácticas para mellorar a comprensión dos contidos explicados na clase, novas publicadas nos xornais, internet, ... relacionadas coa unidade.

O desenvolvemento das clases farase como segue:

- Ao comezo de cada unidade didáctica incluírase un gráfico ou esquema da mesma. O comentario do mesmo pretende anticipar o contido dalgúns dos aspectos que se exporán .
- Os conceptos presentaranse de forma progresiva acudindo, con profusión, a esquemas, gráficos e datos da vida cotiá (fundamentalmente da economía galega e española) para axudar a fixar os conceptos e termos introducidos.
- Realizaranse numerosos exercicios e actividades prácticas, lecturas, co fin de reforzar a aprendizaxe, por exemplo cálculo de produtividade, custos dunha empresa,...; sen converter estas ensinanzas nun sucedáneo matemático adicado á realización de cálculos sen ningún fundamento conceptual
- Para destacar os conceptos e termos desenvolvidos ao longo dos temas os alumnos confeccionarán unha relación de "Conceptos Básicos".
- Realización de debates nos que se valorará a autonomía e iniciativa na toma de decisións, a disposición favorable á participación, a actitude crítica, o traballo previo de documentación, a expresión, ...

- Traballos en grupo

- Debates sobre temas do currículo
- Análise crítica da publicidade.
- Recompilación de organigramas de empresas para posterior análise,
- Análise de estados financeiros a partir das Contas Anuais de distintas empresas, obtidas no Rexistro Mercantil,...
- Planificación dun pequeno proxecto empresarial

- Experiencias de observación sobre procesos económicos no medio social: Visita a un centro de produción co fin de comprender os aspectos relativos aos procesos de fabricación, distribución e venda de produtos. A visita enfócase como unha estratexia precisa para rachar co distanciamento entre teoría e práctica, e posibilitar a análise global e complexa da realidade

Preparación da saída:

- Fase de preparación: explorarase as ideas dos alumnos sobre a visita, planificando o traballo e recursos dispoñibles:
 - Criterios de clasificación, dimensión, nivel tecnolóxico,...

- Medios de producción, materias primas precisas, tipos de maquinaria, factores de localización, comercialización dos produtos,...
 - Tipo de estrutura organizativa
 - Problemas medioambientais, sindicais, vías de negociación,...
 - Fase de realización da saída: materialización das tarefas propostas
 - Fase posterior: organizar, clasificar, ordenar o material e confeccionar o informe de traballo xunto coa súa exposición
-
- Actividades relacionadas cos medios audiovisuais.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

✓ **BIBLIOGRA**

FÍA:

❖ **LIBRO RECOMENDADO:**

Mochon Morcillo, F. y Calvo Flores, N (2009) Madrid.
Economía de la Empresa, 2º
Bachillerato. Método @pruebas. McGraw-Hill.

❖ **Bibliografía complementaria:**

- Plan General de Contabilidad y de PYMES 2008. 2ª Edición corregida. Pirámide
- Normativa mercantil, fiscal e laboral debidamente actualizada.
- Convenios colectivos.
- Estatutos de sociedades.
- Organigramas de empresas.

✓ **RECURSOS NA WEB:**

<http://www.agenciatributaria.es/>

<http://www.seg-social.es>

<https://www.sepe.es/>

<http://www.finanzasparatodos.es/>

<http://www.expansion.com/>

<http://cincodias.com/>

<http://www.actualidadeconomica.com/>

<http://www.emprendedores.es/>

<http://cgri.xunta.es/>

<http://www.ipyme.org/es-ES/Paginas/Home.aspx>

<http://www.educaixa.com>

<http://traballoebenestar.xunta.es/>

<http://www.igape.es/es/>

<http://www.ige.eu>

<http://www.ine.es/>

✓ **MEDIOS AUDIOVISUAIS**

✓ **MATERIAIS ELABORADOS POLO PROFESOR**

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Tal e como establece o Decreto 86/2015, "A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe."

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e actividades programadas para a materia

A falta a clase de modo reiterado (xustificada ou inxustificadamente) pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de chegar a este extremo, o profesor esixirá ao alumno a presentación, para a corrección, de todas as actividades levadas a cabo na clase ao longo do curso, e unha proba final en xuño co mesmo formato que as levadas ao longo do curso. Dita proba versaría sobre a totalidade da materia exposta na clase avaliados conforme se reflicte neste documento.

I. NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL

A nota de cada avaliación será numérica de cero a dez sen decimais e calcularase en función de:

D. **Probas escritas (con cuestión teóricas e prácticas) semellantes á proba final de Bacharelato**, que versarán sobre os contidos recollidos nesta programación e expostos na clase. Permitirán a avaliación da aprendizaxe do alumnado de acordo cos obxectivos propios da materia.

O tipo de proba e a cualificación serán semellantes ás probas de acceso á universidade, co fin de familiarizar ao alumno con ditas probas. Non haberá dobre opción.

Estrutura das probas:

Á espera de noticias sobre a composición da proba de avaliación final de bacharelato, manterase a estrutura das antigas PAAU.

PARTE TEÓRICA (avaliada por bloques temáticos)	- cuestións curtas de tipo conceptual (poderan ser tipo test)	- Valoración: 10 puntos
	- pregunta a desenvolver de tipo explicativo	- Valoración: 10 puntos

PARTE PRÁCTICA (avaliada por bloques)	- cuestións prácticas (problemas)	- Valoración: 10
--	-----------------------------------	------------------

O desenvolvemento da programación levarase a cabo tal e como se indicou na TEMPORALIZACIÓN anteriormente exposta. Así, ao longo do primeiro trimestre expóranse a maioría dos contidos prácticos do curso co fin de que os alumnos os repasen nas avaliacións posteriores (a práctica será sempre obxecto de avaliación).

Criterios de cualificación:

- Preguntas curtas: valorarase a precisión. Cando sexa necesario razoar a resposta e non se faga, a valoración será nula, Cando sexa preciso ilustrar cun exemplo, este valorarase con 0,25 puntos. Se a pregunta require soamente dúas definicións ou respostas, o realizar unha única definición correcta puntuarase con 0,25 puntos.
- Pregunta longa: ademais de considerar a medida en que se axusta o contido ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo a: claridade expositiva, utilización dos conceptos axeitados, a ortografía (as faltas poderán restar puntuación).
- Preguntas prácticas (exercicios/problemas): que constarán de distintos apartados que non teñen porque ter a mesma valoración (esta figurará no exame). Así:
 - Na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección do plantexamento; deste xeito, será preciso ilustrar axeitadamente e con rigor o desenvolvemento do problema, explicando, en todo caso, o significado do resultado acadado. Se a solución está ben plantexada, pero a cifra obtida non é a correcta, restaranse 0,25 puntos no apartado que corresponda. A mesma puntuación será descontada si non se indican as unidades nas que se deber expresar o resultado
 - O simple cálculo, sen interpretación, non computará
 - Ademais, cada un dos apartados valorarase de xeito independente; así, no caso de estar ben exposto, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente polos cálculos errados realizados nos apartados anteriores

Nota: Naquelas preguntas, teóricas (tanto curtas como tema) ou prácticas, que precisen enumeracións, explicación de diversos conceptos ou respostas varias, elementos patrimoniais (Balance), ingresos e gastos (Conta de resultados) terase en conta para a súa valoración o contido que debería presentar a pregunta e o que realmente presenta.

Exemplo:

- Se un apartado dun exercicio consiste en elaborar o Balance dunha empresa agrupando as contas en masas patrimoniais, como a resposta axeitada requiriría colocar todos os elementos a súa valoración calcularíase como (nº de elementos patrimoniais ben colocados/nº elementos patrimoniais a colocar)*valoración correspondente ao apartado.

Superación das probas:

A puntuación de cada proba será a que resulte de sumar tanto a acadada na parte teórica como na práctica, **sendo preciso obter en cada unha das partes como mínimo 2,5 puntos, co fin de evitar o abandono dunha delas**

Para superar as probas escritas será preciso alcanzar unha nota igual ou superior a 5.

Resultados das probas levadas a cabo en cada trimestre:

No caso de realizarse varias (dúas), calcularase como media aritmética das probas realizados en cada avaliación. Non se compensarán notas inferiores a 3 (co fin de evitar o abandono parcial da materia)

Para superar a avaliación será preciso alcanzar un 5 nas probas realizadas. Así, non poderán superar a avaliación aqueles alumnos que alcanzaran como mínimo un 5 en ambas probas pero non reúnan o requisito de obter en cada unha das partes de que constan unha nota mínima de 2,5.

No caso de superar unha das probas e noutra obter unha nota entre 3 e 5, acadando a media de 5 entre todas as probas, a avaliación entenderase superada no seguinte caso:

- ✓ a proba superada terá que reunir o requisito de obter en cada unha das partes das que consta como mínimo 2,5 puntos e
- ✓ a non superada unha nota mínima de 2,5 puntos na parte teórica.

Hai que lembrar que a práctica é obxecto de exame durante todo o curso.

- E. **Probas prácticas “periódicas”:** conforme se avanza na explicación da práctica, poderán celebrarse, en calquera momento, probas deste tipo que traten de valorar o nivel de coñecemento da materia, e sirvan como instrumento de retroalimentación ao profesor co fin de mellorar a aprendizaxe do alumnado.

F. **Probas orais e traballos de investigación.**

	Rúbrica de valoración		
	Excelente (4)	Bo(3)	Regular(2)
1. Documentación			
2. Contido			
3. Secuenciación			
4. Ferramentas empregadas na exposición			
5. Terminoloxía empregada			
6. Creatividade			
7. Seguridade na exposición			
8. Capacidade de transmisión			
9. Resposta ás preguntas			
10. Grao de aceptación das valoracións alleas (suxestións, críticas)			
Valoración total	(Σ...../40)*10		

G. **Probas tipo test.**

Estrutura

Constarán de 20 preguntas ou mais, teóricas ou prácticas, con 4 opcións de resposta, sendo soamente 1 correcta.

Temporalización

Se o desenvolvemento da programación o permite, ao remate de cada avaliación realizarase unha proba deste tipo sobre a totalidade dos contidos explicados na mesma, co fin de repasalos.

Criterios de cualificación

Cada pregunta correcta valorarase con 1 puntos e cada pregunta incorrecta penaliza 0,25 puntos. As preguntas non contestadas non puntúan.

A cualificación de cada avaliación parcial obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos:

Tipo de proba	Ponderación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas, teóricas e prácticas (semellantes á avaliación final Bacharelato) 	Mínimo 90%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas prácticas periódicas. ▪ Probas orais. ▪ Traballos de investigación. 	Máximo 10%

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, poderá levarse a cabo o redondeo en función doutros factores como:

- Asistencia puntual á clase.
- Actitude na clase e cara á materia.
- Colaboración co grupo.
- Axeitado manexo da terminoloxía económica; así como, ortografía e sintaxe, xunto cunha coidada presentación.
- Puntualidade na entrega e valoración das actividades propostas ao remate de cada unidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Puntuación obtida nas cuestións orais e exercicios prácticos, formuladas na clase periodicamente polo profesor.
- Valoración do esforzo.

Entenderase superada a avaliación cando o alumno obteña unha nota igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Non se levarán a cabo probas de recuperación por avaliación, agás a proba final de xuño.

II. PROBA FINAL E AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA.

- **Alumnado que superou a totalidade das avaliacións parciais**: realizará, obrigatoriamente, a proba co fin de revisar os contidos examinados ao longo do curso. Dita proba será semellante da formulada ao alumnado con avaliacións suspensas. A estrutura da proba e criterios de avaliación serán os xa indicados, pero si haberá dobre opción, a semellanza da proba de avaliación final de Bacharelato. A nota final do curso será:

NOTA FINAL= (30% X NOTA DA PROBA FINAL) + (70% X NOTA MEDIA DO CURSO)

No redondeo aplicaranse os criterios xa mencionados. **Entenderase superada a materia cando a nota final sexa igual ou superior a 5**

- **Alumnado que non superou unha ou dúas avaliacións parciais**: terá que presentarse á proba final (haberá preguntas teóricas curtas, temáticas e problemas prácticos en total). Será preciso alcanzar en cada unha das partes teórica e práctica un 2,5 como mínimo para aprobar a materia

No caso de superar a avaliación/s suspensa/s na proba final (no caso contrario a materia entenderase non superada), a nota final será calculada como a nota media do curso (calcularase coas notas das avaliacións superadas máis a acadada para a/s avaliación/s suspensa/s na proba final).

No redondeo aplicaranse os criterios xa mencionados. **Entenderase superada a materia cando a nota final sexa igual ou superior a 5**

- ***Alumnado que ten suspensa a totalidade da materia:*** presentárase a unha proba final, (semellante da contemplada para aqueles que superaron as avaliacións) con cuestión curtas, de desenvolvemento e problemas prácticos. A parte teórica puntuará 5 ((10/10)*5, aplicando os criterios mencionados no apartado I) e a parte práctica 5, sendo preciso alcanzar en cada unha das partes unha nota mínima de 2,5 como mínimo para superar a materia. **O resultado desta proba será a nota final (a materia entenderase superada si a nota desta proba é igual ou superior a 5).** No redondeo aplicaranse os criterios xa mencionados.
- Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes: conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

III. PROBA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a proba final, terá unha nova opción na convocatoria extraordinaria (examinándose da totalidade da materia, conforme aos criterios xa indicados). A estrutura da proba será a xa indicada:

- ✓ Parte teórica: preguntas curtas e pregunta tema
- ✓ Parte práctica: exercicios prácticos

Será preciso alcanzar 2,5 puntos en cada parte co fin de superar a materia

Neste caso a nota da avaliación será, exclusivamente, a nota da proba escrita.

Tanto nas recuperacións de cada avaliación, coma nas probas finais ordinarias e extraordinarias os contidos obxecto de exame, criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que ao longo do curso.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tal e como establece a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, ***os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro***, tales como rúbricas ou escalas de avaliación.

A rúbrica é unha ferramenta que permite obxetivizar a avaliación dun proceso. Proporciona referencias para valorar todos os aspectos do proceso educativo, ofrece información para a toma de decisións e amosa a relación entre os elementos do currículo: relaciona os elementos da programación de aula cos niveis de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

As rúbricas son matrices nas que se detallan, para cada estándar de aprendizaxe o indicador de logro, grao de adquisición do citado logro (escala cualitativa de catro niveis, dende o logro en vías de adquisición ata excelente) e a valoración que permite cuantificar o avance do alumnado e calcular a súa cualificación.

Tal e como establece o Decreto 86/2015, nos artigos 21 (ESO) e 33 (Bacharelato):

“O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.”

Tales indicadores consisten nunha serie de ítems que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

INDICADORES		VALORACIÓN (0-5)
Proceso de ensino		Realiza a avaliación individual co fin de determinar o punto de partida do grupo e avaliar o estado de consecución das competencias clave .
		Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
		Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía: probas escritas, abertas e tipo test, traballos en equipo, debates, análise do conrono económico, ...
		Utiliza as TIC no desenvolvemento das clases.
		Promove o traballo cooperativo.
		Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
		Procura a transparencia do proceso de avaliación coa entrega, unha vez corrixidos, dos diferentes instrumentos de avaliación empregados, incidindo nos aspectos que son mellorables por parte do alumnado.
		Propón a resolución de actividades, exercicios, debates, traballos de investigación, etc,.. na clase facendo un seguimento continuo.
		Mantén informado en todo o momento ao alumnado e as familias dos resultados acadados.
P r á c t i c a d o c e n t e	P l a n i f i c a c i ó n	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe recollidos no Decreto 86/2015.
		Establece bloques de contidos estruturados en unidades didácticas deseñadas tendo en conta as competencias clave que debe adquirir o alumnado
		Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
		Planifica a actividade educativa coordinada con outras áreas ou materias, como poden ser as Matemáticas Aplicadas, Historia, Métodos Estatísticos, ...
		Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
P r á c t i c a	M o t i v a c i	Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
		Analiza os resultados da avaliación co grupo de alumnos/as. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.

d o c e n t e	ó n .	Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.	
		Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.	
		Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.	
		Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate, a análise crítica dos temas propostos.	
		Fomenta un ambiente cordial na aula.	
		Fomenta a comunicación fluída alumnado profesor dentro e fóra da aula.	
		Apoia o proceso de ensino-aprendizaxe en todo momento.	
	P r o c e s o d e a v a l i a c i ó n .	Os criterios de avaliación e cualificación están claramente establecidos.	
		Emprega instrumentos variados de recollida de información para a avaliación (probos escritos, probos orais, exercicios prácticos, observación, rúbricas, ...)	
		Emprega diferentes estratexias e procedementos de avaliación atendendo ás características do alumnado.	
		Desenvolve con total transparencia o proceso avaliativo: información precisa, exposición de resultados, propostas de mellora, ...	
		Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.	

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os exames de recuperación dos alumnos pendentes serán elaborados polos membros do Departamento e corregidos polo Xefe de Departamento, nas datas previstas por Xefatura de Estudos.

- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato**

Non procede.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

O Departamento realiza proba de avaliación inicial co fin de:

- coñecer o interese do alumnado pola materia,
- observar o nivel das competencias acadadas ao longo do proceso de ensino,
- valorar o grao de coñecemento do alumnado do contorno social e económico,

Cabe destacar que o 100% do alumnado que cursa a materia cursou en 1º bacharelato a materia de Economía polo que ven de traballar:

- Concepto de empresa, elementos que a conforman, formas xurídicas, ...
- Área recursos humanos, contratos, determinación de custos salariais, ..
- Manexo das ferramentas folla de cálculo, presentacións, procesador de textos, ...
- Cálculo e interpretación da produtividade,
- Determinación dos custos de empresa, clasificación en fixos e variables, determinación do limiar de rendibilidade, ...
- Importancia da innovación na empresa, patentes, marcas, modelos de utilidade, ...
- Importancia do Sistema Fiscal como elemento vertebrador da sociedade,
- Coñecemento dos instrumentos de financiación: préstamos, créditos, leasing, factoring, confirming, mercado de valores, ...

O obxectivo da avaliación inicial é axustar a proposta educativa ás características do alumnado.

I) Medidas de atención á diversidade

O Decreto 86/2015, contempla no artigo 33:

“Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condición de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións no se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.”

Tal e como se reflicte ao longo desta programación a planificación do proceso de ensino faise de xeito construtivo e progresivo, adaptándose ás características e capacidades do alumnado:

- Atención personalizada.
- Deseño de actividades á carta.
- Potenciar o traballo en equipo que facilite as sinerxias.
- Subministración de material de profundización e apoio.
- Ampliación do tempo para a aplicación dos diferentes instrumentos e procedementos de avaliación ,...

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O artigo 4 do Decreto 86/2015, establece como elementos transversais:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A educación cívica e constitucional.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.
- Valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promover a aprendizaxe e resolución pacífica de conflitos.
- Promover valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Promover accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

O departamento traballará como elementos transversais propios:

- Educar para o consumo responsable: análise dos efectos do consumo “irracional” no resto do planeta.
- No marco dunha educación moral e cívica:
 - recoñecemento da función social que desempeñan as empresas, valorando a importancia do seu comportamento ético,
 - preocupación polos aspectos inxustos da realidade económica,
 - valoración crítica do fraude,
 - valoración dos efectos da globalización nos países pobres, co obxecto de facer medrar una conciencia solidaria cos perxudicados e valorar as experiencias de comercio xusto,
- Concienciación e actitude crítica ante o fraude fiscal, á vez que se transmiten valores de equidade e solidariedade implícitos no Estado do benestar.
- Rexeitamento da manipulación das contas empresariais co fin de enganar ós destinatarios
- Educación ambiental, como preocupación polo entorno natural no que se leva a cabo a actividade económica, no marco da procura dun desenvolvemento sostible
- Preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores:
 - condicións de traballo seguras e saudables no marco dunha educación para a saúde,

- erradicación da discriminación das mulleres traballadoras no marco dunha educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.
- a xestión dos recursos humanos non debe buscar exclusivamente a rendibilidade económica da empresa, senón tamén o enriquecemento dos postos de traballo para que o empregado se vexa motivado e atope sentido o seu labor

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

▪ **VISITA EMPRESA POR DETERMINAR:**

Obxectivo: comprender os aspectos relativos aos procesos de produción, distribución e comercialización de produtos.

Non se establecen actividades complementarias de carácter obrigatorio que vaian máis alá da elaboración e presentación de traballos e da realización de tarefas de repaso e afianzamento de coñecementos na casa , pero facilitaráselle ó alumnado que o desexe a súa participación en actividades organizadas para escolares por organismos como o BE, ... (concursos de Bolsa,...), e valoraranse como unha actitude moi positiva no redondeo á alza da súa cualificación. Para axudarlles na participación destas actividades os profesores estarán á súa disposición na hora de titoría de alumnos/as, nos cambios de clase,...

Se durante o curso xurdise a oportunidade, estudaríase a posibilidade dalgunha visita educativa de interese que contribúa ó logro dos obxectivos.

Debido ao tipo de ensino, para adultos e a distancia, as actividades complementarias e extraescolares do Departamento axustaranse ás distintas realidades e circunstancias que se den ao longo do curso, e serán debidamente presentadas ao Consello Escolar para a súa aprobación previa.

Tan importante como a avaliación do alumnado é avaliar a propia programación co fin de reflexionar e mellorar os resultados cara a vindeiros cursos.

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os indicadores a avaliar serán:

- Comprobación do grao de adquisición das competencias.
- Pertinencia das actividades propostas e secuencia de realización.
- Valoración das estratexias diversificadas que respondan aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Adecuación dos recursos empregados.
- Adecuación dos instrumentos de avaliación.
- Clima na aula.

Instrumentos para realizar a avaliación:

- Diario do profesor. Análise de resultados académicos.
- Contraste con outros departamentos dentro do mesmo centro e con outros compañeiros do mesmo departamento doutros centros.
- Reflexión mensual sobre o seguemento da programación e propostas de mellora no caso de ser preciso.
- Indicadores de logro do para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os resultados deste proceso de avaliación serán reflectidos na memoria de final de curso na que se fai constar:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación.
- Motivo/s das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación con cursos anteriores.
- Propostas para a revisión da programación.
- Actividades complementarias desenvolvidas
- Análise estatística resultados avaliación ordinaria e análise comparativa cursos anteriores. Para cada materia, curso e grupo figuran os seguintes datos:
 - Unidades programadas/Unidades impartidas.
 - Resumo de cualificacións.
 - Alumnado que cursa a materia en relación co grupo total.
 - Porcentaxe de aprobados e suspensos.
 - Reclamacións efectuadas.
 - Estado da resolución das reclamacións.

REFERENCIAS LEGAIS.-

Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.

Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.